# Instrucións para cumprimentar o impreso: “Declaración responsable (Agricultor Activo)”

En relación co cumprimento dos requisitos da figura de agricultor activo na solicitude única, será obrigatorio cubrir o impreso “Declaración responsable (Agricultor Activo)” para que:

A. **O solicitante DECLARE:**

- **SI realiza** ou,
- **NON realiza**

**algunha das actividades excluídas,** conforme a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (**CNAE**) ou conforme ao Imposto sobre Actividades Económicas (**IAE**) **recollidas no anexo III** do Real Decreto 1075/2014.

***“Non se concederán pagos directos ás persoas físicas ou xurídicas*** *cuxa actividade, conforme a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) ou conforme ao Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) correspóndase cos códigos recollidos no anexo III.” (Artigo 8 R.D. 1075/2014)*

Achégase ao final desta nota o listado desas actividades.

**B. O solicitante DECLARE se ten algunha entidade asociada.**

Considérase que **un solicitante ten unha entidade asociada** cando:

- con independencia da súa personalidade (persoa física ou xurídica), **participa noutra entidade**, que normalmente será unha persoa xurídica, e exerce **o control exclusivo en forma de propiedade íntegra ou participación maioritaria**, ou
- o solicitante é **persoa xurídica ou grupo de persoas físicas ou xurídicas** *(Primeiro carácter NIF distinto a “0”, “X” ou “Y”)* e algún **membro** (persoa física ou xurídica) exerce **o control exclusivo en forma de propiedade íntegra ou participación maioritaria.** Ese membro que exerce o control é unha entidade asociada ao solicitante.

Observación: No caso de que o **solicitante** sexa unha **sociedade** e exista un **socio** que teña **máis do 50%** da participación, terá que ser **declarado ese socio como entidade asociada** ao solicitante.

*“Tampouco se concederán pagos directos se a persoa física ou xurídica exercen o control dunha entidade asociada, cuxa actividade conforme ao CNAE ou conforme ao IAE correspóndase cos códigos recollidos no anexo III.” (Artigo 8 R.D. 1075/2014)*

## Procedemento a seguir na aplicación:

### A. Solicitante SEN entidades asociadas

1. **O solicitante**, en función da súa actividade económica, **debe seleccionar se realiza, ou non, actividades** contempladas no Anexo III. En caso de que a actividade do solicitante figure dentro das actividades excluídas marcarase tamén: “Quere ser Considerado Agricultor Activo”:




**Aínda que o solicitante REALICE actividades excluídas, considerarase que é agricultor activo, e por tanto pode ser beneficiario de pagos directos, se achega probas verificables (aportando documentación) que demostren que concorre algunha das seguintes circunstancias:**

1.1. Que o **importe anual dos pagos directos é, polo menos, do 5 % dos ingresos totais** que se obteñen a partir de actividades non agrarias no período impositivo máis recente para o que se dispoña da devandita proba.

☑ Agricultor Activo por 5 % de Pagos directos

Ingresos totais non agrarios do período impositivo máis recente dispoñible 0.000,00

1.2. Que a súa actividade agraria non é insignificante, sobre a base de que os seus **ingresos agrarios distintos dos pagos directos sexan o 20 % ou máis dos seus ingresos agrarios totais** no período impositivo dispoñible máis recente.

☑ Agricultor Activo de actividade agraria de 20% ou máis

☑ Ingresos totais agrarios do período impositivo máis recente (consideraranse os seguinte valores):

1.3. Para as **persoas xurídicas** ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, que dentro dos seus estatutos figure, antes da data de finalización do prazo de solicitude, a **actividade agraria como o seu principal obxecto social.**

Para **as persoas físicas**, que estean dados de **alta no Sistema Especial para Traballadores Agrarios da Seguridade Social (SETA)**, antes da data de finalización do prazo de solicitude.

☑ Agricultor Activo con Estatutos con actividade agraria como principal obxectivo social ou dado de alta na SS dentro do Sistema Especial para Traballadores por conta propia Agrarios (SETA)

☐ Achega os estatutos

☐ Autoriza o acceso aos datos da S.S

☐ Achega os datos da S.S.

1.4. No caso de que o solicitante xustificara na campaña anterior os motivos de exclusión da lista negativa, e as circunstancias non variasen con respecto a esa campaña, poderá solicitar que se revise de oficio a situación. Nesta caso non sería necesario que aportase nova documentación.

☑ Que se revise de oficio a miña situación, baixo as mesmas circunstancias indicadas na campaña previa correspondente, xa que dita situación non cambiou con respecto á mesma e toda a documentación necesaria xa obra en poder da Administración

## B. Solicitante CON entidades asociadas

2. No caso de que **teña** unha ou varias **entidades asociadas** para a campaña 2018, **independentemente de que estas realicen ou non actividades excluídas,** deberán:

2.1. **Cubrir os datos da declaración correspondentes ao solicitante (apartado A desta nota)**

2.2. Poñer a marca no recadro "entidades asociadas"

**ENTIDADES ASOCIADAS**

☑ Ten Entidades Asociadas definidas segundo R.D.

2.3. Engadir unha fila [+ Novo] por cada entidade asociada e indicar se está **relacionada na campaña 2018 (campo: 2018)** co solicitante.

**Declaración Responsable(Agricultor Activo)**

| CIF / NIF Da Entidade Asociada | Nome da Entidade Asociada | 2018 | Anexo III 2018 | Por 5 % pagos directos | | Por actividade agraria > | | | Por Estatutos ou afiliación ao SETA | | | | Borrar |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Ingresos totais non agrarios do período impositivo máis recente dispoñible | | Ingresos agrarios da entidade asociada do período impositivo máis recente | Achega outra documentac | | Achega os estatutos | Autoriza o acceso aos datos da S.S | Achega os datos da S.S. | |
| F9900000 | Entidade Asociada 1 | ☑ | ☐ | ☐ | | ☐ | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |

2.4. **Soamente** no caso de que a **entidade asociada realice actividades excluídas** do anexo III, seleccionará o recadro "Anexo III 2018" e, igual que para o solicitante, deberá xustificar os motivos polos que solicita ser eliminado da lista negativa, así como aportar a documentación necesaria para verificalo.

Exemplo:




# ANEXO III. Actividades excluídas Agricultor Activo.

## 1. Códigos CNAE de las actividades excluídas.

(Real Decreto 475/2007, de 13 de abril, por el que se aprueba la Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009))

**– Aeropuertos:**

H51 (Transporte aéreo).

**– Servicios ferroviarios:**

H49.1 (Transporte interurbano de pasajeros por ferrocarril).

H49.2 (Transporte de mercancías por ferrocarril).

**– Instalaciones de abastecimiento de agua:**

E36 (Captación, depuración y distribución de agua).

**– Servicios inmobiliarios:**

F41.1 (Promoción inmobiliaria).

L68 (Actividades inmobiliarias).

**– Instalaciones deportivas y recreativas permanentes:**

R93 (Actividades deportivas, recreativas y de entretenimiento).

## 2. Códigos IAE de las actividades excluídas.

**– Aeropuertos:**

Sección primera 74 (transporte aéreo)

**– Servicios ferroviarios:**

Sección primera 71 (transporte por ferrocarril)

**– Instalaciones de abastecimiento de agua:**

Sección primera 161 (captación, tratamiento y distribución de agua para núcleos urbanos)

**– Servicios inmobiliarios:**

Sección primera 833 (promoción inmobiliaria)

Sección primera 834 (servicios relativos a la propiedad inmobiliaria y a la propiedad industrial)

Sección primera 86 (alquiler de bienes inmuebles) (*)

Sección segunda 721 (agentes colegiados de la propiedad industrial y de la propiedad inmobiliaria)

Sección segunda 722 (gestores administrativos)

Sección segunda 723 (administradores de fincas)

Sección segunda 724 (intermediarios en la promoción de edificaciones)

**– Instalaciones deportivas y recreativas permanentes:**

Sección primera 942.2 (balnearios y baños)

Sección primera 965 (espectáculos (excepto cine y deportes)

965.2 – espectáculos al aire libre

965.4 – empresas de espectáculos

965.5 – espectáculos taurinos

Sección primera 967 (instalaciones deportivas y escuelas y servicios de perfeccionamiento del deporte)

967.1 – instalaciones deportivas

967.2 – escuelas y servicios de perfeccionamiento del deporte

Sección primera 968 (espectáculos deportivos)

Sección primera 979.4 (adiestramiento de animales y otros servicios de atenciones a animales domésticos)

Sección primera 981(jardines, parques de recreo o de atracciones y acuáticos y pistas de patinaje)

Sección primera 989 (otras actividades relacionadas con el espectáculo y el turismo. Organización de congresos. Parques o recintos feriales)

989.3 – parques o recintos feriales.

(*)aplicable a persoas xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas.